



# BOP

LUNS, 24 DE MARZO DE 2025

N.º 068

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### Anuncio

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 17/03/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de decembro do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 23/05/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 18 de marzo de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0752

### Anuncio

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 18/03/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Febreiro de 2025 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 23/05/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 18 de marzo de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0753

### FRIOL

#### Anuncio

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión de 6 de febreiro do actual, da aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, en cumprimento do disposto na Lexislación Vixente, faise público o texto íntegro do mesmo. Unha vez esgotada a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no B.O.P., na forma e prazos establecidos na Lexislación Reguladora da devandita Xurisdicción.

#### **PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE FRIOL.-**

**PREÁMBULO.-** O art. 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de carácter básico, introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesquera entes públicos responsables da xestión de subvencións de elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes

previsibles e as súas fontes de financiación, suxetándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

“Art. 8. Principios generales.”

1. Los órganos de las Administraciones Públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria.

Las Bases Reguladoras de cada subvención harán referencia al Plan estratégico de subvenciones en el que se integran, señalando de que modo contribuyen al logro de sus objetivos; en todo caso, deberá motivarse por qué es necesario establecer la nueva subvención incluso aún no habiendo sido prevista en el Plan, y la forma en que afecta a su cumplimiento.

2. Cuando los objetivos que se pretenden conseguir afecten al mercado, su orientación debe dirigirse a corregir fallos claramente identificados y sus efectos deben ser mínimamente distorsionadores.

3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.

c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos”.

O devandito art. 8, desenvolveuse polos art. 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. Nos mesmos establécense cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

Na Lei, 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia indica no seu art. 5 dese:

“Art. 5. Principios generales.”

1. Los órganos de la administración que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose, en todo caso, al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria”.

O Plan Estratéxico, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se plantexen deben estar recollidas no mesmo.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade subvencional das Administracions Públicas.

Na liña de mellora da eficacia, a Lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

O concello de Friol non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual, aínda que sigue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural, deportivo do concello.

Para dar cumprimento á normativa de referencia, unha vez vencido o anterior, o Concello de Friol elabora e somete a aprobación o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuio articulado figura a continuación.

**ART. 1.- ÁMBITO TEMPORAL.**- O ámbito temporal do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Friol propónse para o período de tres anos. Todo elo, sen prexuízo da súa modificación, seguindo para elo os mesmos requisitos procedimentais que para a súa aprobación.

**ART. 2.- NATUREZA XURÍDICA.**- Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carecen de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xenera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxetivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias, acomodaranse en cada momento aos devanditos obxectivos.

**ART. 3.- COMPETENCIA.-** O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, co quórum da maioría simple, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

**ART. 4.- BENEFICIARIOS.-** O Concello concederá subvencións, mediante convocatoria pública ou a través de acordos da Xunta de Goberno de subvencións nominativas, previstas nos orzamentos, ou nas súas modificacións, que constituirá o marco regulador das axudas. Elo a favor de persoas físicas, asociacións ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local. Elo poderá instrumentarse mediante a sinatura de convenios de colaboración

**ART. 5.- LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.-** O Plan Estratéxico do Concello resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- b) Subvencións directas para aquelas previstas nominativamente no orzamento ou extraordinarias por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.
- c) Subvencións ou axudas previstas nas correspondentes ordenanzas reguladoras para determinados supostos ou actuacións, ata o agotamento do crédito orzamento previsto para elo, seguindo os requisitos establecidos.

As subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais e aquelas de carácter extraordinario por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

As Líñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as líñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Líña 1: Fomento da promoción do deporte, a cultura, ocio, a xuventude, promoción da igualdade e o turismo no municipio de Friol nos seus distintos ámbitos.
- Líña 2: Fomento da acción social, o acceso á educación e a protección das familias e do sector primario.

#### 5.1.- Subvencións en materia de Fomento da Promoción do Deporte, A Cultura, Ocio, Xuventude, da Igualdade e o Turismo:

- a) Obxectivo estratéxico: será o apoio á realización de proxectos /ou actividades das asociacións sen ánimo de lucro ou das comisións de festas existentes no Concello, con fins de carácter cultural, deportivo, ocio, xuvenil e turístico.
- b) Obxectivos específicos:
  - Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte ou calqueira outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
  - Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
  - Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
  - Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.
  - Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- c) Prazo de execución: Anual
- d) Custes previsibles: serán ata o máximo da disponibilidad das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.
- e) Fontes de financiación: o orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas líñas específicas.
- f) Procedemento de concesión: poderá ser en xeral por concorrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento ou por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.
- g) Plan de actuación: para a execución desta líña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria. Nos casos de concesión directa mediante ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas, que será o marco regulador das mesmas. Todo elo sen prexuízo da sinatura de convenios de colaboración ao respecto.

**5.2.- Subvencións en Materia de Fomento da Acción Social, Accesos á Educación e a Protección das Familias e do Sector Primario:**

- a) Obxectivo estratéxico: apoiar a adopción de medidas de corte social, a fin de mellorar a calidade de vida das persoas e das familias como núcleo social básico facilitando a consecución de cobertura de necesidades sociais e educativas, o fomento da natalidade e a conciliación de vida laboral e familiar como medida paliativa á despoboación, así como ao sector primario, de especial relevancia no ámbito municipal.
- b) Obxectivos específicos:
- Solucionar as necesidades acreditadas polo departamento de Servizos Sociais relacionadas coa cobertura das necesidades no eido social.
  - Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo. Elo no marco regulado pola ordenanza aprobada polo Pleno do Concello, que foi obxecto de sucesivas modificacións, así como das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas nos orzamentos que se aproben.
  - Completar o acceso á educación en condicións de igualdade nos niveis educativos obrigatorios, así como o acceso a niveis educativos ou aspectos non obrigatorios non prestados no termo municipal.
  - Segundo a ordenanza no seu día aprobada, tamén se concederán axudas para a concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola e gandeiro. O concello, considerou de interese público apoiar ao sector primario, agrícola e gandeiro, para mellorar os custos de produción e unha maior rentabilidade, en orde á diminución do minifundismo, incentivando a concentración de fincas rústicas destinadas ao uso agrario para a potenciación do sector. Elo segundo a ordenanza aprobada en decembro de 2018
- Con posterioridade promovéronse actuacións ao respecto pola Comunidade Autónoma.
- c) Prazo: Convocatorias anuais
- d) Custes previsibles: Os custes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas nos orzamentos que se aproben.
- e) Fontes de financiación: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.
- f) Procedemento de concesión: o procedemento de concesión será en concorrencia competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión, que poderá preveer, con carácter excepcional e sempre que se acredite a necesidade dende os servizos municipais, por concesión directa.
- g) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

**ART. 6.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.**- Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elexible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberase recoller nas correspondentes bases das subvencións. (por exemplo, tempadas deportivas ou cursos escolares).

**ART. 7.- FINANCIACIÓN.**- A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento anual.

Previa á concesión de calquera tipo de subvención procederase á tramitación da autorización do gasto correspondente.

**ART. 8.- PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.**- O pago anticipado de subvencións levarase a cabo de acordo co previsto no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións, e a demais normativa aplicable. Poderán acordarse pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva, a medida que os beneficiarios xustifiquen os pagamentos realizados, de conformidade co previsto nas bases reguladoras ou marcos reguladores das axudas. Os pagamentos parciais non superarán o 70% das axudas concedidas. En canto os mesmos se realizan unha vez presentada a documentación xustificativa dos gastos realizados, non será preciso a constitución de garantías. Si que será precisa a constitución das mesmas, no caso de pagos a conta ou anticipados, cando non medie a presentación de documentación xustificativa.

**ART. 9.- CONTROL, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.**- Realizarase nos seguintes aspectos.

- Control económico-financieiro anual das subvencións concedidas, encomendado á Secretaría-Intervención do Concello, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente, dentro das posibilidades dos medios persoais e materias cos que se conta, sen prexuízo de auditorías ao respecto coa colaboración que ao respecto sexa necesaria e conveniente..
- Control e seguimento que será realizado polo órgano instructor do procedemento de concesión das subvencións.

- Avaluación do Plan, que se levará a cabo pola Alcaldía unha vez finalizada a vixencia do mesmo, mediante a presentación dunha memoria na que se recolla o grado de cumprimento, a eficacia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e as conclusións con proposta de suxerencias para a elaboración do seguinte plan estratéxico.

**ART. 10.- TRANSPARENCIA.-** As subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas nos termos da lexislación vixente na web municipal, Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físico, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, cuantía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada”.

**Disposición final.** A presente Ordenanza Fiscal, aprobada definitivamente, entrará en vigor e será de plena aplicación ao día seguinte ao da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Friol, dezaioito de marzo de dous mil vinte e cinco.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0734

## LÁNCARA

### Anuncio

En cumprimento da base reguladora 5 do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo pola quenda de promoción interna, dun oficial de servizos múltiples, pertencente Grupo C subgrupo “C2”, aprobadas por decreto da alcaldía número 282, con data do 19 de novembro de 2024, publicadas no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2024, publícase a resolución de alcaldía que se transcribe na súa parte dispositiva:

“Decreto.- Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.

No uso das atribucións que me confire a lexislación de bases do réxime local e lei de administración local de Galicia.

(...)

Polo exposto RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas coa indicación das causas de exclusión e indicando se é ou non emendable:

#### Persoas admitidas:

Nome e apelidos	DNI	Exención da proba galego
Miguel Díaz Besteiro	33*****2E	NON

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

#### Persoas excluídas:

Non hai.

Segundo: Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipais.

Terceiro: Abrir un prazo de 10 días, de conformidade co previsto no art. 68.1 da LPACAP para corrixir os defectos, e formular reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

Cuarto: Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.”

Láncara, 20 de marzo de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0754

### Anuncio

En cumprimento da base reguladora 5 do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo polo sistema de acceso libre, dun/ha operario/a de servizos múltiples, pertencente a agrupacións profesionais, subgrupo “E”, aprobadas por decreto da alcaldía número 282, con data do 19 de novembro de 2024 e publicadas no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2024, publícase a resolución de alcaldía que se transcribe:

“Decreto.- Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.

No uso das atribucións que me confire a lexislación de bases do réxime local e lei de administración local de Galicia.

Antecedentes.-

I.- Bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo polo sistema de acceso libre, dun/ha operario/a de servizos múltiples, pertencente a agrupacións profesionais, subgrupo “E”, aprobadas por decreto da alcaldía número 282, con data do 19 de novembro de 2024.

II.- Anuncio de convocatoria publicado no Diario Oficial de Galicia, número 251 do martes, 31 de decembro de 2024, e no Boletín Oficial do Estado, número 19 do mércores 22 de xaneiro de 2025.

Consideracións.-

De conformidade coa base 5.1 relativa á Lista provisional de persoas admitidas e excluídas que establece que “Rematado o prazo de presentación de instancias, o señor alcalde ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas, así como a de excluídas xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.

Dita resolución publicarase no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipais.”

A base 5.2 indica que “Durante o prazo de 10 días, de conformidade co previsto no art. 68.1 da LPACAP poderanse corrixir os defectos, e formular reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.”

Polo exposto RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas coa indicación das causas de exclusión e indicando se é ou non emendable:

#### Persoas admitidas:

Nome e apelidos	DNI	Exención da proba galego
Alejandro Rodríguez Ramos	71****40V	SI
José Miguel Conde González	33****75V	NON
José Manuel Fernández Abuín	33****12X	SI
José López Castro	33****77C	SI
Emilio López López	76****42E	SI
José Luís Folgueiras Fernández	33****72X	NON
José Antonio Santos Montero	33****75A	NON

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

#### Persoas excluídas:

Non hai.

Segundo: Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipais.

Terceiro: Abrir un prazo de 10 días, de conformidade co previsto no art. 68.1 da LPACAP para corrixir os defectos, e formular reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

Cuarto: Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día

seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.”

Láncara, 19 de marzo de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0755

---

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de **FEBREIRO** de 2025

#### EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de FEBREIRO de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 10 de marzo de 2025.- A Alcadesa, Dª. Rocío López García.

R, 0756

---

## LUGO

### *Anuncio*

#### Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 23/2025 de 3 de xaneiro de 2025, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondente ao **cuarto trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197 Lugo, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.



O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **17 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 8 de xaneiro de 2025.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 0735

---

### Anuncio

#### Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número **10827/2024** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao **terceiro trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **20 de novembro ata o día 20 de decembro de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 15 de novembro de 2024.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 0736

---

### Anuncio

#### DECRETO Nº: 2378/2025 do 12/03/2025

**Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 498/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Xefa do Gabinete da Alcaldía a dona MARÍA ARANZAZÚ VÁZQUEZ IGLESIAS con DNI \*\*\*3550\*\*.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excmo. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 11 de marzo de 2025, a dona MARÍA ARANZAZÚ VÁZQUEZ IGLESIAS con DNI \*\*\*3550\*\*, no posto de Xefa do Gabinete da Alcaldía, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 2381/2025 do 12/03/2025**

**Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 497/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Responsable Director de comunicación do Gabinete da Alcaldía a don ALFONSO SAUCO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ con DNI \*\*\*3927\*\*.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “*Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.*”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 11 de marzo de 2025, a don ALFONSO SAUCO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ con DNI \*\*\*3927\*\*, no posto de Responsable Director de comunicación do Gabinete da Alcaldía, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 2385/2025 do 12/03/2025**

**Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 491/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Socialista a dona MARÍA CONCEPCIÓN ESTEVEZ LÓPEZ con DNI \*\*\*4715\*\*.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “*Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.*”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 11 de marzo de 2025, a dona MARÍA CONCEPCIÓN ESTEVEZ LÓPEZ con DNI \*\*\*4715\*\*, no posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Socialista, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 2382/2025 do 12/03/2025**

**Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 496/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Colaboradora Asesora do Gabinete da Alcaldía a dona MARÍA SHIRLEY RODRÍGUEZ CARBALLO con DNI \*\*\*4259\*\*.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “*Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.*”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 11 de marzo de 2025, a dona MARÍA SHIRLEY RODRÍGUEZ CARBALLO con DNI \*\*\*4259\*\*, no posto de Colaboradora Asesora do Gabinete da Alcaldía, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 2383/2025 do 12/03/2025**

**Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 490/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Socialista a don ALFONSO ARTURO OROL CASTRO con DNI \*\*\*0998\*\*.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “*Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.*”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 11 de marzo de 2025, a don ALFONSO ARTURO OROL CASTRO con DNI \*\*\*0998\*\*, no posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Socialista, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 2379/2025 do 12/03/2025****Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 4488/2024 do 10/05/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Colaboradora Asesora do Gabinete da Alcaldía a dona MARÍA DE LA TORRE RIOYO con DNI \*\*\*9805\*\*.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “*Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.*”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 11 de marzo de 2025, a dona MARÍA DE LA TORRE RIOYO con DNI \*\*\*9805\*\*, no posto de Colaboradora Asesora do Gabinete da Alcaldía, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 2384/2025 do 12/03/2025****Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 5160/2024 do 31/05/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Colaborador Asesor do Gabinete da Alcaldía a don PABLO DANIEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ con DNI \*\*\*1588\*\*.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “*Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.*”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 11 de marzo de 2025, a don PABLO DANIEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ con DNI \*\*\*1588\*\*, no posto de Colaborador Asesor do Gabinete da Alcaldía, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

**DECRETO Nº: 2380/2025 do 12/03/2025****Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto que polo Decreto Nº 11404/2024 do 28/11/2024 se resolveu nomear como persoal eventual para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Socialista a don DIEGO PENA LUACES con DNI \*\*\*4892\*\*, por substitución de dona María Concepción Estévez López durante a súa situación de baixa por incapacidade temporal, con efectos do día 28 de novembro de 2024.

Visto que no punto segundo do mencionado decreto, entre outros puntos figura: “ - o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.”

Tendo en conta o falecemento da Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta o 1 de marzo de 2025 e visto o Decreto 2106/2025 do 03/03/2025 polo que se resolveu “*Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.*”

Tendo en conta o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

